



Concello de Vigo
Expte. 4047/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 16/2023

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 25 DE SETEMBRO DE 2023

ORDE DO DÍA

UNICO.- Actuacións do Goberno municipal en relación ao concerto de Guns N' Roses celebrado na cidade de Vigo. Expte. Pleno 4006/1101.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguar Castro, Yolanda
Alonso Suarez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gomez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M.^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Fernández Tapias, Marta
Garrido Valenzuela, Irene
Gonzalez Abeijon, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M.^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martinez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Losada Alvarez, Abel Fermín, concelleiro do grupo municipal Socialista.
Rivas González, Ángel, concelleiro do grupo municipal Socialista.



No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e oito minutos do día vinte e cinco de setembro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abalde Comesaña, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Fernández-Tapias Núñez, Garrido Valenzuela, Gómez Díaz, González Abeijón, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Martín Peña, Martínez Piñeiro, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Iglesias, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Sánchez Méndez, e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

UNICO.(181). ACTUACIÓNS DO GOBERNO MUNICIPAL EN RELACIÓN AO CONCERTO DE GUNS N' ROSES CELEBRADO NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 4006/1101.

ANTECEDENTES: En data 7 de setembro de 2023, nº Rexistro Pleno 4006, os concelleiros do BNG e do Partido Popular presentaron o seguinte escrito,

“AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO
SOLICITUDE DE PLENO EXTRAORDINARIO

MOTIVACIÓN

A celebración dun concerto da banda musical *Guns N' Roses* o pasado 12 de xuño de 2023 no estadio municipal de Balaídos ficou envolvida de evidentes dúbidas e sospeitas, a principiar polo feito de ser anunciado publicamente polo alcalde malia non ser un acto organizado polo Concello de Vigo e ter sido publicitado con presenza do seu logotipo oficial da institución municipal.

A esta cuestión engádense os flagrantes indicios de graves irregularidades administrativas que, nalgún extremo poderían incorrer en ilícitos penais, a respecto do seu patrocinio publicitario por importe de 1.891.946, 1264 euros que se pretendeu licitar a través dun presunto concurso público anunciado o 25 de abril de 2023, exactamente seis meses despois de que o concelleiro-delegado de Festas remitise á promotora do concerto unha carta de interese comprometendo, para alén da cesión gratuíta do estadio, unha achega económica por un importe practicamente equivalente.

A referida carta de interese foi emitida sen que se abrise o preceptivo expediente municipal e, malla non ter solicitado o correspondente informe xurídico, recibiu resposta desfavorábel en todas as consultas informais realizadas entre o servizo de Festas e a Asesoría Xurídica do Concello, tal e como consta no informe subscrito por unha das súas letradas en data 29 de xuño de 2023. No mesmo, recóllense as advertencias claras e rotundas a respecto de que a referida carta de interese podía ser interpretada como un precontrato a todos os efectos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:29	Páxina 2 de 6
4105-1101	CSV: AFAF36-D73928-424C38-H8EL9L-5KHHLW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A declaración de deserto do mencionado concurso público, que contaba cuns pregos cuxo tenor literal acoutaban ad hoc os posibles adxudicatarios en favor da promotora do concerto de *Guns N' Roses*, que era o único efectivamente programado para o período fixado, puxo en risco a súa celebración e por parte da promotora denunciouse publicamente o incumprimento dun acordo previo, que hoxe sabemos se refería á irregular carta de interese remitida polo Concello .

Desde ese momento, o Goberno municipal e, singularmente o Alcalde, foi obxecto de reiteradas preguntas e interpelacións tanto por parte de medios de comunicación como dos grupos políticos da oposición, sen en ningún caso dar resposta e mesmo incorrendo en comportamentos contrarios á liberdade de prensa e ao dereito á Información, que mereceron o reproche formal por parte do Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza.

Aliás, o Goberno municipal tentou por todos os medios atrasar, cando non impedir, o acceso dos grupos políticos da oposición á documental obrante en diferentes expedientes municipais relativos ao concerto e ao seu frustrado patrocinio publicitario, o que motivou a apertura dun expediente por parte da Valedora do Pobo, diante da queixa formulada polo Grupo Municipal do BNG perante a vulneración de dereitos fundamentais e o incumprimento do previsto no artigo 9 do Regulamento Orgánico do Pleno.

Polo anteriormente exposto, ao abeiro do artigo 46.2.a) da Lei 7/ 1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 44 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, os concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular, abaixo asinantes, SOLICITAN ao Alcalde - Presidente do Concello de Vigo a convocatoria dun Pleno Extraordinario da Corporación Municipal de Vigo coa seguinte proposta de orde do día:

UNICO.- Actuacións diante dos indicios de graves irregularidades por parte do Goberno municipal en relación ao concerto de Guns N' Roses celebrado na cidade de Vigo

E coas seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

- 1 Reprobar ao Alcalde, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, como máximo responsábel municipal, pola total falla de transparencia do seu Goberno e o deliberado afán por ocultar con reiteradas falsidades a xestión do pretendido patrocinio publicitario do concerto da banda *Guns N' Roses* celebrado na nosa cidade o pasado 12 de xuño.
- 2 Crear, de acordo ao previsto no artigo 35 do Regulamento Orgánico do Pleno, unha Comisión Especial de Investigación que permita coñecer en detalle o sucedido e que se depuren as responsabilidades políticas daquelas persoas implicadas.
- 3 Ao abeiro do previsto no artigo 67 do Regulamento Orgánico do Pleno acórdase a comparecencia na vindeira sesión plenaria da Concelleira-Delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona Patricia Rodríguez Calviño, para dar conta en detalle das xestións realizadas polo Goberno municipal en relación ao concerto da banda de *Guns N' Roses* celebrado na nosa cidade o pasado 12 de xuño e, de maneira singular, do procedemento de licitación para un patrocinio publicitario dun concerto internacional a celebrar no estadio de Balaídos na data proposta polo adxudicatario entre o 5 e o 27 de xuño de 2023 (Expdte. 9713-335).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:29	Páxina 3 de 6
4105-1101	CSV: AFAF36-D73928-424C38-H8EL9L-5KHHLW-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Así mesmo, tendo en conta que o Regulamento Orgánico do Pleno non prevé expresamente a asignación da quenda de intervención de réplica no caso de que a proposta de acordos obxecto do Pleno extraordinario sexa subscrita por concelleiras e concelleiros de máis dun Grupo Municipal, solicítase que se aplique o mesmo criterio xa empregado en situacións precedentes, repartindo ao 50% o tempo de intervención da quenda de réplica entre os dous grupos que subscriben.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Con oito votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martín Peña e Sanchez Méndez, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO: Rexeitar as propostas de acordo formuladas polos concelleiros do grupo municipal do BNG e do grupo municipal do Partido Popular transcritas na parte dispositiva deste acordo.

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario concerto de Guns N' Roses
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 25 de Septiembre de 2023 13:08:10
Fecha Fin : Lunes, 25 de Septiembre de 2023 13:29:27
Duración : 00:21:17

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3374

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 285 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/YYkXe0G0ffuP6jSPdIvN4Ne9saLhSqGCT1UCMAGB0zAKiH5i.wmv>
SHA512 - 16132d44453deb83a2b868707558c1554538a096825429dca7db7d241de05d6767d23f342d2784ba3e58a3937ac437f46a72fae5625b65e9bce83fb12fcead00

- Media (PROXYS)

(no disponible)



- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Martín Peña, José Miguel; Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Gomez Díaz, Gorka; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Manuel; Fernandez-Tapias Nuñez, Marta; Garrido Valenzuela, Irene; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:00:16 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:01:32 : UNICO.- Actuacións do Goberno municipal en relación ao concerto de Guns N? Roses celebrado na cidade de Vigo. Expte. Pleno 4006/1101.
- 00:01:47 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:06:52 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:06:55 - Martín Peña, José Miguel
- 00:11:56 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:12:05 - López Font, Carlos
- 00:17:06 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:17:18 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:18:45 - Martín Peña, José Miguel
- 00:20:19 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:20:27 - Votación [13:28:35]
- 00:21:17 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e trinta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 16/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.

am.

A PRESIDENCIA

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda

DILIXENCIA:

Dona Elena Ares Salgado, secretaria xeral acctal. do Pleno por xubilación do titular D. Jose Riesgo Boluda, fago constar que esta acta foi aprobada no Pleno ordinario do 30 de outubro de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:29	Páxina 5 de 6
4105-1101	CSV: AFAF36-D73928-424C38-H8EL9L-5KHHLW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:29	Páxina 6 de 6
4105-1101	CSV: AFAF36-D73928-424C38-H8EL9L-5KHHLW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		